



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

Asemade, a Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

(2) **Antecedentes:** A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Teo para a execución da obra de mellora da eficiencia enerxética do edificio da policía local e xulgado de paz do Concello de Teo.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan os prestados pola policía local, protexendo o libre exercicio dos dereitos e liberdades e contribuindo a garantir a seguridade cidadá e a consecución do benestar social.

Por outra banda a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial concibe aos Xulgados de Paz como órganos incardinados no ámbito do municipio, cuxos titulares son elixidos polo Pleno do Concello. Por esta razón, a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial establece a tradicional colaboración dos municipios no mantemento dos





medios persoais e materiais dos devanditos órganos, establecendo o soporte económico do Estado, ou, no seu caso, das Comunidades Autónomas, directamente ou por medio de subvencións.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

O Decreto 394/1994, do 29 de decembro, asumíronse as funcións transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza e a súa asignación á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Teo o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

(4) **Obxecto do convenio:** Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Teo para obra de mellora da eficiencia enerxética do edificio da policía local e xulgado de Paz cuxa desagregación se inclúe no anexo I do convenio, do cal forma parte.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Concello de Teo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a realización dunha obra de mellora da eficiencia enerxética do edificio da policía local e xulgado de paz.

A obra proxectada é de suma importancia e urxencia, dado o estado actual no que se atopan as citadas oficinas. Os funcionarios municipais que desempeñan os seus labores alí, así como os cidadáns que as utilizan, deben enfrontar condicións adversas, como a presenza de mofo, patóxenos e humidades, filtracións de auga polas xanelas e temperaturas frías durante os





meses invernais. Estas situacións xeran incomodidades que poden dar lugar a problemas de saúde para quen fai uso destas instalacións.

A constante deterioración do edificio foi provocada pola falta de mantemento ao longo do tempo e a súa exposición a condicións climáticas desfavorables. Con todo, esta deterioración foi progresiva e, aínda que as instalacións non se atopaban en óptimas condicións, non impedía o seu uso adecuado.

Foi por mor dos temporais do pasado inverno que a situación se volveu insostible, dificultando considerablemente o desempeño diario dos traballadores e xerando un risco real para a súa saúde. Por tanto, é urxente levar a cabo as obras necesarias para mellorar a eficiencia enerxética do edificio e solucionar os problemas de condensación e filtracións de auga, tanto polas xanelas como polas fachadas. Estas accións son esenciais para garantir o adecuado desenvolvemento das actividades que se realizan nestas instalacións.

A actuación ten como obxectivo principal permitir o uso das instalacións municipais tanto por parte dos traballadores como dos usuarios en condicións dignas, seguras e adecuadas para o desenvolvemento das súas actividades diarias. É fundamental garantir unha contorna que non só cumpra coa normativa vixente, senón que tamén promova o benestar e a saúde de todos os que utilizan estas instalacións. Desta maneira, búscase mellorar a calidade do servizo público e asegurar que as actividades se realicen sen riscos nin inconvenientes.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto cuxa execución é necesario acometer de maneira urxente debido ás condicións climáticas típicas do outono e inverno e á imposibilidade de uso durante os meses de inverno debido as baixas temperaturas, proliferación de mofos e outros patóxenos que producen graves molestias e enfermidades aos usuarios

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Teo de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa





a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Teo.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

(6) Importe e aplicación orzamentaria: Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de oitenta mil euros **(80.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 35.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 80 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 100.000 € (IVE incluído).

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.



Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

